

Título:**Estudio e análise do impacto da utilización das TIC na atención ás persoas con discapacidade e ás súas familias: Calidade de Vida e autoxestión.****Resumo:**

O proxecto presentado polo grupo de traballo da UDC "Ética e calidade na atención á discapacidade" e o CESGA parte do *Modelo de calidade vida como resultado dos servizos de calidade familiar*. Esta investigación pretende avaliar a influencia na calidade de vida das persoas con discapacidade a través dun traballo dirixido ás familias mediante atención e o asesoramento mediante as TIC (unha mostra de familias). A idea principal céntrase na mellora da calidade de vida das familias das persoas con discapacidade a través da utilización de ferramentas de comunicación e de traballo colaborativo entre as familias e os profesionais para que logo elas podan exportala hacia aos seus fillos. Aínda que imos a traballar coas familias temos que deixar claro que elas non son o destinatario final do noso proxecto polo que a nosa intención é chegar aos seus membros mediante o uso dun modelo indirecto de atención psicopedagóxica no que as familias son o apoio natural e principal das persoas con discapacidade co obxecto de conseguir resultados nos nenos a través das actividades das súas propias familias. Este tipo de traballo baséase na idea de que a familia é o principal educador informal e a súa función é a de dirixir a vida dos seus fillos así como formar as súas primeiras propiedades persoais.

A hipótese principal deste proxecto resúmese deste xeito: O emprego axeitado das TIC nas familias con persoas con discapacidade contribúe á mellora da calidade de vida dentro do microsistema familiar e, polo tanto da calidade de vida dos discapacitados.

O achegamento a este tema debe facerse dende unha dobre vertente entrelazada. Por unha banda, estudio do tema da Calidade de Vida das persoas con discapacidade, a autoxestión, a vida independente, a normalización... e por outro lado, a relación entre A sociedade da Información e a calidade de vida na discapacidade.

O noso proxecto cubre as seguintes finalidades:

1- A utilización das TIC na discapacidade e a súa utilización para o fomento da calidade de vida. Os datos extraídos da inclusión na temática débenos levar á adaptación dun instrumento de avaliación da Calidade de Vida das persoas con discapacidade e as súas familias tendo en conta o contexto no que situamos o noso estudio: a comunidade autónoma de Galicia. Creación de instrumentos de valoración das necesidades reais das

familias con persoas discapacitadas en relación coa utilización das TIC dispoñibles na web creada para o proxecto.

2- Elaboración e aegumento dos requisitos que deben cumprir as TIC para ser accesibles ás familias das persoas con discapacidade así como proporcionar o sistema de relación social que lles permita unha boa calidade de vida. Neste senso elaboraremos, seleccionaremos e adecuaremos as TIC para o seu uso e, tamén, para a formación das familias, dos discapacitados e a súa funcional e correcta utilización.

3- Análise da posible poboación obxecto de estudio e selección da mostra. Realización dunha avaliación inicial da situación das persoas con discapacidade e as súas familias sobre o seu estado actual en relación á Calidade de Vida mediante o instrumento creado para tal finalidade. Estes datos servirannos de avaliación inicial para comparar cos que obteremos despois da implantación do programa de introducción e uso das TIC nas familias.

A utilización das TIC no ámbito das persoas con discapacidade é un campo en auxe que debemos valorar en grande medida. Pola nosa parte utilizáremolas dende unha visión de instrumento de información e formación continuada, é dicir, pretendemos que sexa un vínculo de comunicación directa especialistas-familias-discapacitados de xeito que sirva de continua retroalimentación e así favoreza un seguemento axeitado de cada caso dándolle as pautas precisas en cada momento para que as familias sexan quen de exercer de educadores informais dos seus membros con necesidades maiores de apoio. Ao mesmo tempo implementaremos un sistema de publicación de novas para facer chegar as familias con persoas con discapacidade a información que precisen para que aproveiten o uso das TIC. Para cumprir con esta finalidade debemos formar ás familias no uso das TIC sobre todo no relacionado cos aspectos que lles sexan de utilidade para poder mellorar a súa Calidade de Vida.

4- Por ende, para lograr rexeitar ou aceptar a hipótese principal debemos avaliar de novo a Calidade de Vida das persoas que forman parte da mostra de estudio utilizando unha metodoloxía de análise cuantitativo con metodoloxía Pre-test/ post-test . Con estes datos e os obtidos na avaliación inicial poderemos comparar os resultados entre ambos en diferentes ítems e valorar deste xeito a influencia das TIC.

A labor realizada ao longo do proxecto parte da Calidade de servizos. Esta ideoloxía de base conleva atender ás familias con persoas con discapacidade en función da súa

demanda. Por outra banda, resaltamos o valor da Ética da investigación destacando entre os seus principios o de privacidade dos datos.

Non cabe dúbida de que este proxecto é o comezo dun longo camiñar na relación TIC-aprendizaxe – calidade de vida e servizos na discapacidade tendo presente que vivimos na sociedade do coñecemento tecnocientífico. Haberá, por tanto, a necesidade dunhas fases posteriores de estudio e análise centradas na educación ás persoas con discapacidade dentro do ámbito formal dirixindo os esforzos hacia o colectivo de mestres, tan necesitados de axudas concretas en relación ao alumnado con necesidades educativas especiais.

Antecedentes, estado actual do tema:

Para comezar debemos indicar que o proxecto xurde da necesidade de mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade a través da formación nas TIC das súas familias. Estudos incipientes neste ámbito sinalan que as condicións de vida destas persoas e das súas familias vese restrinxida debido ás súas características propias e á falta de relación coas novas tecnoloxías quedando incluídas dentro dos colectivos influídos pola chamada brecha dixital.

Para o noso traballo de investigación temos que partir dunha visión da vida das persoas con discapacidade e das súas familias baixo o prisma da Calidade de Vida. Este término está en auge e son múltiples os autores que se adican ao seu estudo e da relación deste coa vida que levan as persoas con diversidade. Esta calidade só se logrará se conseguimos que as persoas con discapacidade sexan o máis autodeterminadas posible e nese campo ás Tecnoloxías da Información e da Comunicación (en adiante TIC) deben ter un papel importante. Cando falamos de autodeterminación estamos facéndoo de capacitar ás persoas para que tomen as súas propias decisións dun modo libre e para que dirixan o curso das súas vidas. Para a maioría das persoas, significa tamén gañar o control dos recursos. As TIC chegarán a ser un instrumento accesible para as familias con persoas con discapacidade e mediante o seu uso potenciarán a súa incorporación a todos os ámbitos da sociedade.

Dentro do movemento de normalización podemos atopar o PARADIGMA DOS APOIOS, dende o que nós imos movernos. Dende este modelo se trata de brindar as axudas que necesitan as persoas con discapacidade para ter as vidas que desexen ter e podan soste. O cambio sintetízase en ver a estas persoas non polas súas carencias senón polas súas posibilidades (o que poden, puideron e poderán facer se se lles brinda un entorno, unha axuda). Estes, os apoios, son definidos por Luckasson et al. (En Schalock, 2003) como “los

recursos y estrategias destinados a mejorar el desarrollo, la educación, los intereses y el bienestar personal de una persona y que permiten su funcionamiento individual". Para o noso proxecto partiremos desta idea pero tendo en conta que as TIC serán apoios destinados ás familias que servirán de intermediario para que os froitos obtidos desta utilización cheguen aos seus fillos. Para que as TIC cumpran con esta función teñen que ser accesibles e, por tanto, cumprir coa accesibilidade universal. Esta é unha condición que se debe "cumplir por los entornos, procesos, bienes, productos y servicios, así como los objetos o instrumentos, herramientas y dispositivos, para ser comprensibles, utilizables y practicables por todas las personas en condiciones de seguridad y comodidad y de la forma más autónoma y natural posible. Presupone la estrategia de "diseño para todos" y se entiende sin perjuicio de los ajustes razonables que deban adoptarse" (Ley 51/2003, art. 2.c).

Centrándonos no uso das TIC debemos sinalar que o noso proxecto ten como fundamentación o traballo realizado por especialistas neste campo e que se ven recollidas na aparición de simposiums, congresos e reunións formativas baixo esta temática. En cambio, a novidade do proxecto que presentamos reside na intención de traballar coas familias para que elas alcancen a calidade de vida que precisan para atender aos seus fillos. A nosa labor será a de atender as súas demandas para que elas podan solventar os problemas que lles xurdan. Non coñecemos na actualidade nengún traballo neste senso na nosa comunidade e consideramos que dentro dunha sociedade na que prima a igualdade non podemos deixar ao colectivo con discapacidade fóra do avance que conleva a sociedade do coñecemento extendendo os seus beneficios a toda a poboación.

Bibliografía máis relevante:

- v Fundación Auna. **Las personas con discapacidad frente a las Tecnologías de la Información y las Comunicaciones en España.** 2003, pp. 125. Estudio no que se analiza o uso e o aproveitamento das TIC por parte das persoas con discapacidade.
- v Fundación Vodafone. **Tecnologías de la información y comunicaciones y discapacidad,** 2006, pp. 147. Informe no que se aborda a medida na que as Tecnoloxías da Información e as Comunicacóns (TIC) poden constituir valiosas ferramentas de axuda para superar as desigualdades e contribuir a promover a integración social.
- v Rodríguez, Alejandro; Rodríguez,Cristina; Et Al. **Tecnología de la información y comunicaciones y discapacidad. Propuestas de futuro,** 2003, pp 258. O

desenvolvemento tecnolóxico e a converxencia entre as novas plataformas están ofrecendo novos servizos, máis complexos, que está incrementando a presenza das TIC no noso día a día. O acceso das persoas con discapacidade á Sociedade da información é crucial para a súa integración, participación e desenvolvemento como todos os cidadáns cos mesmos dereitos.

- v Verdugo, Miguel Ángel. **Cómo mejorar la calidad de vida de las personas con discapacidad: instrumentos y estrategias de evaluación.**, 2006. O libro consta dunha primeira parte conceptual que actualiza, a data de 2006, a investigación sobre o concepto de calidade de vida, a súa medida e utilización.
- v Ballester, Fernando. **La brecha digital. El riesgo de exclusión de la información.** Madrid: Fundación Retevisión-Auna. 2002. Análise por primeira vez en España, con rigor pero tamén cun carácter divulgativo que o fai accesible aos non iniciados nestas cuestións, de toda a problemática da Brecha Digital. Tras explicar cómo surxe, as fases da súa evolución e que tipo de accións se levan a cabo hoxe no mundo para tentar superala, o autor aporta un modelo de medición que pode ser utilizado como ferramenta, facendo máis sinxelo así o diagnóstico e toma de decisións. Por último, inclúe unhas recomendacións e suxerencias sobre accións que deberían levarse a cabo no noso país. A transcendencia desta temática fai deste libro un instrumento moi útil para quen está comprometido en lograr que os beneficios da Sociedade da Información cheguen a todos os cidadáns.

Obxectivos concretos e interese dos mesmos

Sabemos de antemán que imos ter certas barreiras que solventar para conseguir unha intervención fructífera e estas vense reflectidas nos obxectivos que propomos. Entre elas atópanse:

- Programas non adaptados ás capacidades e necesidades das familias.
- Dificultades á hora de poder obter unha boa educación que lles posibilite o coñecemento e manexo do ordenador e Internet para acceder a el.
- Limitacións á hora de poder dispor dun equipo informático.

A investigación consta de catro grandes obxectivos xerais, cada un dos cales se desglosa en varios obxectivos específicos. A saber:

- 1) Analizar a situación actual na que viven as familias das persoas con discapacidade na Comunidade Autónoma de Galicia mediante unha análise sistemática das referencias

teóricas e prácticas das temáticas: Calidade de Vida, persoas con discapacidade, normalización e grao e nivel de utilización das TIC.

Obxectivos específicos:

- Realizar un achegamento teórico-práctico ao campo da Calidade de Vida mediante un varrido bibliográfico de investigacións e ensaios.
- Realizar unha recompilación das investigacións que sobre a relación entre TIC e Calidade de Vida se levaron a cabo ou se están a desenvolver nestes momentos en Galicia.
- Achegarse á temática das persoas con discapacidade dende a óptica da autoxestión e Calidade de Vida.
- Sintetizar e organizar sistematicamente a información recollida baixo uns parámetros xerais que sirvan de base para a adaptación dun instrumento de avaliación da Calidade de Vida.

2) Analizar posibles aplicacións informáticas accesibles e de software libre axeitadas para atallar as necesidades detectadas nestas familias.

Obxectivos específicos:

- Analizar entornos virtuais de comunicación e de traballo en grupo.
- Seleccionar aquela solución ou solucións informáticas que lles resulten a terapeutas e ás familias de persoas con discapacidade máis útiles, sinxelas e funcionais.
- Implementar un entorno virtual de comunicación e de colaboración privado tanto síncrono como asíncrono para que poidan utilizar as familias e os especialistas para a realización de consultas tanto de valoración da demanda coma de posibles alternativas de actuación.
- Adaptar e personalizar este entorno ás características e necesidades das familias con persoas con discapacidade.
- Creación dun portal web de sinxelo uso e fructífero para as familias e profesionais onde se publique a información máis relevante no campo científico das persoas con discapacidade.

3) Implantar as TIC na vida cotiá das familias con persoas con discapacidade: intervención apoiada nas TIC.

Obxectivos específicos:

- Definir a poboación obxecto de estudio.
- Seleccionar a mostra que conformará o grupo experimental: entre seis e dez familias.
- Solventar as reticencias previas mediante un achegamento paulatino e caracterizado pola significatividade e individualización do achegamento ás TIC.
- Motivar ás familias a utilizar o entorno virtual para relacionarse e comunicarse tanto con familias con problemáticas similares como cos terapeutas.
- Formar ás familias con membros discapacitados na correcta utilización dun entorno virtual.

4) Levar a cabo un programa de intervención apoiado nas TIC.

- Diseñar un programa de intervención.
- Desenvolver o programa de intervención coas familias utilizando as TIC.
- Avaliar de forma continuada e seguir o proceso de intervención da familia- resposta por parte da persoa con discapacidade.
- Adaptar o programa de intervención a cada caso concreto proporcionando secuencias e apuntamentos individualizados ao caso concreto.

5) Avaliar a repercusión da implantación das TIC nas persoas con discapacidade e as súas familias.

Obxectivos específicos:

- Avaliar a influencia das TIC na Calidade de Vida das familias de persoas con discapacidade usuarias asiduas e formadas nas novas tecnoloxías.
- Avaliar a influencia das TIC na relación formativa da familia cos fillos con discapacidade.
- Avaliar a influencia do programa de intervención baseado nas TIC dirixido ás familias nos seus fillos con discapacidade.
- Avaliar a influencia das TIC na Calidade de Vida das persoas con discapacidade e as súas familias a partires da análise da utilización do entorno virtual.
- Avaliar a necesidade de creación de novos entorno virtuais que respondan ás necesidades reais deste colectivo.

Metodoloxía, hipótese e plan de traballo

Metodoloxía:

No proxecto aplícanse metodoloxías específicas adaptadas a cada unha das tarefas a realizar. Isto é, faremos uso das metodoloxías e instrumentos de investigación cualitativa e cuantitativa en función da información que precisemos recoller en cada momento concreto do estudo. Globalmente debemos indicar que partiremos dunha metodoloxía de corte cuantitativo apoiada puntualmente por instrumentos de recollida de información e análise cualitativa.

Neste sentido, dependendo da actividade a realizar, o equipo investigador utilizará e desenvolverá os instrumentos axeitados a cada tarefa concreta a desenvolver creando o instrumento adecuado en cada momento.

A metodoloxía que imos empregar ten en consideración os seguintes matices:

- Adecuación aos participantes e ao seu ritmo tanto de aprendizaxe coma de intervención directa co seus fillos con discapacidade.
- Fomento da iniciativa e autoaprendizaxe: a intención é mostrarlles a dar os primeiros pasos para que posteriormente as familias sexan quen de ter interese por buscar pola súa propia conta polos seus medios a información que precisen en momentos puntuais.
- Potencialidade dos recursos didácticos: sección de información, sección de diagnóstico individualizado de capacidades a desenvolver, sección de avaliación do progreso con retroalimentación, sección de sistemas de valoración da urxencia da demanda, Chat, sección de recursos...

Hipótese

Hipótese Principal: O emprego axeitado das TIC nas familias con persoas con discapacidade contribúe á mellora da calidade de vida dentro do microsistema familiar.

Hipóteses específicas:

Esta hipótese principal temos que desglosala en catro, a aceptación de cada unha delas non conleva a aceptación da principal.

H(1): A utilización das TIC polas familias (pais/ nais/ irmáns/ irmás) de persoas con discapacidade inflúe positivamente na calidade de vida deses usuarios.

H(2): A utilización das TIC polas familias de persoas con discapacidade ten unha influencia positiva na relación formativa e de entendemento entre pais e fillos con discapacidade.

H(3): Mediante o uso axeitado das TIC polas familias de persoas con discapacidade somos quen de chegar aos seus fillos de xeito que interveñamos indirectamente sobre a súa situación.

H(4): O uso axeitado das TIC polas familias de persoas con discapacidade afecta positivamente á calidade de vida dos seus fillos con discapacidade.

Plan de traballo

O equipo multidisciplinar de profesionais integrado por persoal da UDC e do CESGA plantexan unha metodoloxía de traballo grupal. Para a realización das diferentes tarefas traballarán cooperativamente utilizando as propias TIC como medio de afianzamento e facilitación de todas as tarefas derivadas dun proxecto de investigación compartido: listas de distribución e entornos de traballo colaborativo, sistemas de videoconferencia, etc. Este despregue de medios permitirá unha retroalimentación cíclica constante no desenvolvemento do proceso que derivará nunha maior calidade do propio proceso de investigación.

O plan de traballo, tal e como se especifica a continuación, conta de cinco tarefas de primeiro nivel cada unha das cales se desglosa noutras secundarias, a saber:

Tarefa 1: Xestión do proxecto (36 meses). As tarefas de xestión e coordinación do proxecto levaranse a cabo de forma conxunta entre o grupo de investigación en atención e calidade na discapacidade da UDC e o CESGA.

Tarefa 2: Análise da situación actual na que viven as familias das persoas con diversidade funcional na Comunidade Autónoma de Galicia en relación coas TIC. Metodoloxía mixta, cuantitativa e cualitativa. Instrumentos de investigación: consulta de fontes públicas documentais, elaboración/ adaptación de probas de avaliación...

Tarefa 3: Análise, selección, adaptación e implementación de aplicacións informáticas accesibles e de software libre. Metodoloxía cuantitativa. Instrumentos de investigación: cuestionarios.

Tarefa 4: Implantación das TIC na vida cotiá das familias con persoas con discapacidade. Metodoloxía mixta. En principio pasarase vía internet un cuestionario tendo presente ás veces que participan da páxina web, aportacións, tempo que adica e aproveitamento deste.

Tarefa 5: Avaliar a repercusión da implantación das TIC nas familias con persoas con discapacidade. Metodoloxía mixta, cuantitativa e cualitativa. Instrumentos de investigación: Cuestionarios pretest-posttest e follas de rexistro.

As familias mostra da investigación deben cubrir o cuestionario de calidade de vida colgado na rede (privacidade). A corrección será tamén na rede e terán feed-back sobre a avaliación deste cuestionario: necesidades que teñen en relación á mellora da calidade de vida. Secuenciación do programa a desenvolver: creación de secuencias, avaliación continuada do seguemento do desenvolvemento do programa, retroalimentación...

SERVIZOS DE URXENCIA AUTOMÁTICA: ATENCIÓN 24 HORAS. Preparar programas xerais que serán dispensados cando nunha categoría xurda certa necesidade. Marcar xerarquía. Sinalar que é xeral e que para un mellor diagnóstico tratamento acceso a persoal ou cubrir un cuestionario máis específico con axudas nas que se expliquen coidadosamente os ítems. Cando estes non funcionen matizará o especialista directamente. Hai que facer un seguemento de cada actuación da familia mediante cuestionarios. Serve para saber como está a desenvolver a intervención e para ir guiando o proceso, por outro lado, serviranos de avaliación do proxecto.

Incluír valoración da urxencia da demanda para logo organizar o traballo.

Sistemas telefónicos conectados: se a urxencia é médica ou psiquiátrica...

Contaremos con intervención directa nos casos precisos: intervención ambulatoria.

Experiencia do equipo investigador

O equipo de investigación está composto polo grupo de investigación en Atención e Calidade na Discapacidade da Universidade de A Coruña con experiencia en liñas de investigación en persoas con discapacidade e persoal da área de e-learning do Cesga con experiencia contrastada en proxectos de I+D+i en temáticas de sociedade da información, Tecnoloxías da Información e da Comunicación e e-learning.

O grupo de investigación da UDC ten unha experiencia dilatada no ámbito da psicoloxía, a educación e a intervención; ademais os seus traballos na familia, a educación e a sociedade son dignas de destacar e centran o ámbito da intervención nas necesidades de trastorno do espectro autista e trastornos xeneralizados do desenvolvemento. Sobre elo, non cabe dúbida do grupo de persoas interdisciplinar que abarca a dous Departamentos desta Universidade.

Ademais, o equipo de investigación en Atención e Calidade na Discapacidade está enmarcado na experiencia de traballar en autismo, pertencendo a unha Asociación de Profesionales AETAPI a tres de Pais de TEAs, sendo asesor técnico nas mesmas, a OMA, traballa na actualidade con tres grupos de profesores de TEAs en Centros Ordinarios e organiza a formación de todos eles a través de catro cursos de formación neste ano. A súa labor de investigación empeza a dar os seus froitos na atención a pais, profesores, profesionais e persoas con TEA. A posible posta en marcha do Instituto de Psicoloxía Aplicada e a creación dun Gabinete a través das súas relacións con CEPRI, ALANDA e FEAPS contribúen a dar imaxe da perspectiva deste traballo. Este equipo de investigación en Atención e Calidade na Discapacidade organizou, conxuntamente coas Asociacións de Pais/nais e persoas con discapacidade das Mariñas Coruñesas (DISMACOR) da Mariña de Lugo (APNED), de Profesionais na atención á diversidade e Integración (AGADI) de 10 cursos de especialización, atención, postgrado, xornadas de difusión que se concretan nos marcos dos convenios de colaboración entre a Universidade e estas Asociacións, Concellos (Foz, Culleredo, Mondoñedo, A Coruña...), Asociacións Estatais (Alanda de Madrid), Universidades (en estudio coa Universidade de Salamanca e Autónoma de Madrid), Consellerías de Asuntos Sociais, Sanidade e Educación (en estudio a posibilidade de vertebrar un convenio sobre diagnóstico e asistencia) (convenios asinados entre as Consellerías de Educación e Asuntos Sociais coa Universidade para colaboracións en formación e atención), convenios asinados entre as catro Asociacións (AGADI, APNED, DISMACOR e ALANDA) cos seus servizos técnico-profesionais e a través de programas

Laboras que na actualidade están a realizar esa colaboración coa Universidade da Coruña nesta Unidade; colaboración da Diputación da Coruña, Obra Social da CaixaGalicia para realización de actividades por parte desta Unidade/Laboratorio en conxunto coas Asociacións antes nomeadas. Asimesmo, cóntase con dous Proxectos de Investigación, sobre os Contidos dos Trastornos (censo, demandas, problemática específica de atención, asistencia, diagnóstico, pronóstico...) por parte da Consellería de Educación e da Unviersidade da Coruña así como un xa confirmado o compromiso por parte da Consellería de Educación nos que se centra este Laboratorio solicitándose un ó Ministerio de Ciencia. Nos últimos tempos, creouse a unidade universitaria clínico- asistencial de Trastornos do Espectro Autista/ Xerais do Desenvolvemento que estase a converter nun medio de confluencia das Asociacións así como de contacto coas Universidades deste estado co obxectivo de crear un ámbito de referencia en torno aos Trastornos especificados. Desenvolveuse un curso de postgrado con 30 profesionais e profesores dos distintos ámbitos do estado, cursos de especialización, xornadas de formación e asesoramento. Asimesmo, o asesoramento coordinación e planificación de catro servicios de atención (APNED; AGADI; DISMACOR e Equipos específicos da Consellería de Educación) cunhas relacións de colaboración constantes e continuas.

En canto a área de e-learning do CESGA conta cun equipo de profesionais que teñen unha dilatada experiencia en proxectos de I+D+i, participando na realización dos seguintes proxectos:

- Aplicación Didáctica do Xornal Electrónico "Gaceta Dixital". Desenvolvemento dun xornal educativo electrónico.
- Teleensino a través de ATM. Configuración dunha rede de aulas de teleensino nos campus universitarios galegos.
- A Ponte. Introdución das TIC en centros educativos do entorno rural.
- ÁgoraSenior. Definición dos requisitos da interfaz dun portal web axeitado e adicado ás persoas maiores de Galicia.
- SoftwareSenior. Recursos software dirixidos a facilitar a accesibilidade de persoas maiores ás Tecnoloxías da información e da Comunicación.
- É-Galego. Desenvolvemento dun curso interactivo de lingua galega por Internet para adultos.
- Metafor. Proxecto de formación a distancia con tecnoloxía satelital.
- Colaboración co Campus Virtual da Universidade de Santiago de Compostela.
- Discognitios: Desenvolvemento dunha base de datos online de aplicacións para a rehabilitación de persoas maiores con discapacidades cognitivas.

- E-Hospital: Formación a través de tecnoloxías e-learning a pacientes adultos hospitalizados.
- EFELCREN: Desenvolvemento de software educativo con ferramentas de autor para a súa posterior catalogación en repositorios de obxectos de aprendizaxe accesibles á comunidade educativa.
- REDAOPA: Rede dixital de obxectos de aprendizaxe.

Ademais, a área de e-learning do Cesga forma parte do consello de redacción das revistas “Textos para la Cibernética” e a revista “Didáctica, Innovación y Multimedia”.

Integramos tamén ao consello científico de ARENOTECH, rede europea sobre educación e novas tecnoloxías.

Instalacións

Por parte do Cesga, para la realización do proxecto, estarán dispoñibles todas as súas instalacións, cos correspondentes recursos necesarios para o desenvolvemento do mesmo. Neste sentido, dispón de:

- Equipo de traballo multidisciplinar.
- Acceso rápido a Internet a través de RED-IRIS.
- Ordenadores tipo servidor para aloxar a información e desenvolvementos relacionados co proxecto (documentos, WEBS do proxecto, base de datos...).
- Aulas de formación (sete, unha no CESGA e as outras seis distribuídas por toda a xeografía galega).
- Ferramentas para o desenvolvemento de interfaces gráficos en HTML e de programación nas linguaxes habituais da Internet (JAVA, PHP, PERL).
- Ferramentas de comunicación asincrónica (foros).
- Ferramentas de comunicación sincrónica: Sistemas de videoconferencia, precisos para a coordinación do proxecto e soporte.
- Ferramentas de traballo colaborativo (entornos groupware).
- Entornos virtuais de ensino-aprendizaxe.
- Sistemas de publicación de noticias.
- Listas de distribución

Por outra banda, as instalacións coas que pode traballar o grupo de investigación en Atención e Calidade na Discapacidade, son as facilitadas pola Universidade da Coruña. Dentro destas atopámonos con:

- Acceso a terminais informáticos.

- Acceso a documentos escritos (revistas, xornais e libros) da temática de interese nas diferentes bibliotecas do campus.
- Acceso a documentación doutras universidades mediante solicitude de préstamos intercampus.
- Acceso gratuíto á rede.
- Espazo de traballo dacorde coas necesidades do proxecto a desenvolver.
- Licenza de software estadístico (SPSS).
- Correo electrónico da universidade.